

**ACTA N.º 1/2015  
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 15 DE  
XANEIRO DE 2015**

**ASUNTO**

**1.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2015**

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Alberto García Pazos  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto  
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández  
- D. Antonio Souto Martínez  
- D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D. Manuel Doldán Costas  
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández  
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* xoves, 15 de xaneiro de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 12:03
- *Hora de remate:* 13:07
- *Número legal de membros da Corporación:* 17

- Número de membros asistentes no momento da constitución: 17

**Incidencias:**

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se produciron.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se tratou o asunto que seguidamente se describe:

### I.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2015

A Comisión Informativa Especial de Contas con data 12 de xaneiro de 2015 ditamina favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os seis escritos presentados por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2015 (escritos presentados no Rexistro xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de Vigo, o día 26.12.2014; rexistros de entrada no Concello de Nigrán números 16.844 ao 16.849, ambos inclusive, do día 30.12.2014).

Considerando que os únicos motivos de reclamacións ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015, no período de exposición ao público do mesmo, son os expresa e taxativamente indicados nos tres apartados do artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), así como nos tres apartados do artigo 22.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, en materia de orzamentos (RDO).

Considerando que é claro, evidente e palmario que os motivos indicados nos seis escritos presentados por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015 non están comprendidos en ningún dos tres supostos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO.

De conformidade ca indicado polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 7 de xaneiro de 2015, referencia T 2/15.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Inadmitir as seis reclamacións ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015 indicadas en seis escritos de don José Cuevas Raposo do día 26.12.2014 (presentados no Rexistro xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de Vigo, o día 26.12.2014; rexistros de entrada no Concello de Nigrán números 16.844 ao 16.849, ambos inclusive, do día 30.12.2014) por ser claro, evidente e palmario que o indicado nos seis escritos citados non está comprendido en ningún dos supostos expresa e taxativamente establecidos nos tres apartados do artigo 170.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (e nos tres apartados do

artigo 22.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da lei 39/1988, do 28 de decembro, en materia de orzamentos) quedando, en consecuencia, aprobado definitivamente o orzamento xeral citado de conformidade co acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 27.11.2014.

**Segundo.-** Notificar este acordo a don José Cuevas Raposo, indicándolle que contra a aprobación definitiva do orzamento xeral poderase interpor directamente (polos terceiros debidamente lexitimados) recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdición; non suspendendo por si só a citada interposición a aplicación do orzamento xeral definitivamente aprobado polo Pleno do Concello (artigos 171 da LRFL e 23 do RDO).

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* O debate refírese a admisión ou non das reclamacións presentadas, que non se axustan aos motivos legalmente taxados. Hai moita xurisprudencia que vai na liña da inadmisión nestes casos. O Informe da intervención ratifícaa así.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Este é un pleno innecesario. Presentáronse alegacións a este orzamento, aprobado sen consenso polo goberno. Pedíronlle ao Alcalde que non o convocase, dada a proximidade do pleno ordinario. Ademais, a convocatoria matutina trastorna a vida laboral dos concelleiros. Pide que o asunto quede sobre a mesa, e que se deixe para o pleno ordinario. Se se fai así, renunciarían á indemnización pola asistencia a esta sesión.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* O BNG xa se pronunciou en contra do orzamento no debate correspondente. Aquí só se trata de admitir ou non as alegacións. Sobre esta convocatoria, pensa que o Alcalde puido adiantar o pleno ordinario e evitar esta sesión, e os gastos correspondentes. Está de acordo en deixalo sobre a mesa nesas condicións, renunciando en tal caso á indemnización. Se se entra no fondo, non renunciará á dieta que lle corresponde.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Coincide co dito polos portavoces da oposición. Non ten sentido esta urxencia. Precipitáronse na publicación do orzamento, sen esperar a que chegaran as alegacións. Desprézase aos cidadáns que teñen dereito a reclamar. O de renunciar as retribucións é unha mera distracción. So renunciaría a retribución se non se entra na cuestión.

*Sr. García Pazos:* Estase prexudicando aos veciños de Nigrán, coa política da oposición. Os recursos da administración deben circular para estimular a economía. Replica ao Sr. Fernández Comesaña facendo referencia ao proceso de aprobación do orzamento de 2005, cando este formaba parte do goberno municipal, así como ás retribucións que cobraba naquela época. Entende que non se xustifica a postura da oposición.

*Sr. González Pérez:* Quen goberna ten que saber buscar os apoios necesarios para aprobar o orzamento. Este pleno extraordinario non é o que sacará aos cidadáns da crise, nunha

semana podería celebrarse o pleno ordinario.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Reitera a súa proposta de tratar o asunto nun pleno ordinario adiantado.

*Sr. Fernández Comesaña:* Chámalle a atención que o Concelleiro de Facenda presuma da abundancia de recursos cando ata agora non fixeron nada. Os membros do grupo con dedicación exclusiva non renuncian á parte da súa retribución por asistir ao Pleno. O orzamento tiveron que traelo antes e non precipitarse agora.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sorpréndelle que a cuestión se centre no carácter extraordinario do pleno cando do que se trata é de impulsar canto antes iniciativas que beneficien aos veciños. Os concelleiros do Partido Popular foron os que dixeron que eles non cobrarían. A cuestión é outra, se se admiten ou non as reclamacións. E debe resolverse agora. A publicación do orzamento baseouse na necesidade de evitar as complicacións que para o departamento económico supuña que se fixese no ano 2015. Recórdalle ao Sr. Fernández Comesaña que no ano 2005 se aprobou o orzamento como asunto fóra da orde do día. O que agora propoñen e que se resolva canto antes. O curioso é que a oposición pretenda o contrario.

*Sr. González Pérez:* Convocouse o pleno extraordinario, e o seu grupo propón que quede sobre a mesa para levalo a sesión ordinaria.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A razón do pleno é o erro cometido polo goberno; erro que puido cometer calquera. Pero iso non xustifica esta convocatoria cando o pleno ordinario pode resolver.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Con independencia da publicación, se hai alegacións, o asunto ten que vir ao pleno. Esta convocatoria está xustificada, e para evitar o debate das dietas, os concelleiros do seu grupo renuncian a cobrar.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non é unha convocatoria ilícita, pero iso non impide que se critique. O atraso na tramitación, o mesmo que no caso da ordenanza do lixo, deu lugar a estas consecuencias. A culpa non é da oposición. No ano 2005 o alcalde era do Partido Popular, pero iso non ven a conto.

**Votacións da petición de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).**- A votación ordinaria realizada ofreceu o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Á vista do empate, procédese a unha segunda votación ordinaria (art. 100.2 do ROF), co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Persistindo o resultado de empate na votación, e co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa.

**Continúa a deliberación.** Síntese das intervencións:

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* A proposta do orzamento tróuxose tarde. As alegacións presentáronse en tempo e forma.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* En forma, non, porque aquí non se cumpriu.

*Sr. González Pérez, do grupo Socialista:* O tempo de presentación era idóneo. As alegacións, segundo os técnicos, non cumpren os requisitos. Algunha delas refírese ao transporte metropolitano, outra aos gastos dos grupos, xa aprobada polo pleno; a publicación que se propón tampouco ten cabida aquí, aínda que redundaría na maior transparencia. Mais que alegacións parecen propostas, algunhas asumibles como tales. Tamén se refire á aprobación plenaria das bases das subvencións. Ao non cumprir as reclamacións coa Lei, non as apoiarán.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* O debate sobre a admisión ou non leva a entender que non encaixan nos requisitos legais. No fondo, o que din, por exemplo sobre o transporte, será obxecto de decisión no Pleno. As que se refiren a aspectos de transparencia, deben terse en conta como criterio e as relativas á participación cidadá van na liña defendida polo BNG. Coincide en que non parecen encaixar nos supostos legais.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* O fondo é precisamente o que non se axusta aos supostos legais. É de agradecer o traballo de Esquerda Unida nesta cuestión. Son ideas de interese, aínda que non encaixen. Absterase para que non se interprete que un voto en contra das alegacións é un apoio aos orzamentos do goberno. So dous concelleiros do PP serán os que non cobren.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Son os 5 concelleiros do PP non cobran esta asistencia, non 2. E a Comisión Informativa non a cobran os 2 que asistiron.

**Votación e acordo sobre o asunto.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PSOE e grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

